

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no segundo cuadrimestre de 2013.

O artigo 11.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único

Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Secretaría Xeral da Emigración nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2013, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2013

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Asinantes	Obxecto	Importe	Data de sinatura
Convenio coa Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo	Desenvolvemento dun programa de atención sociosanitaria destinado ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Montevideo (Uruguai)	20.000,00 €	17.5.2013
Acordo de colaboración co Consello da Cultura Galega	Divulgación das exposicións <i>Luces de alén mar</i> e <i>Nós mesmos</i> en España e América, elaboración e publicación de informe sobre o estudo <i>A emigración galega en Europa</i>	35.000,00 €	26.6.2013



Asinantes	Obxecto	Importe	Data de sinatura
Fundación Española Salud en Venezuela	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Venezuela	30.000,00 €	4.7.2013
Sociedad Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo en Brasil	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Sao Paulo (Brasil)	12.000,00 €	4.7.2013
Centro Gallego de México	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en México	10.000,00 €	12.7.2013
Asociación de Centros e Casas Galegas de Cataluña	Financiamento de gastos de funcionamento e conservación das instalacións, adquisición de equipamento e actuacións formativas e culturais	66.465,00 €	8.8.2013
Xuntanza de Asociacións Galegas en Cataluña: Agarimos de Badalona, Rosalía de Castro de Cornellá e Casa Galega de L'Hospitalet	Financiamento de gastos de funcionamento e conservación das instalacións, adquisición de equipamento e actuacións formativas e culturais	36.500,00 €	8.8.2013
Centro Galego de Barcelona: Casas de Galicia de Barcelona e provincia	Financiamento de gastos de funcionamento e conservación das instalacións, adquisición de equipamento e actuacións formativas e culturais	66.933,00 €	8.8.2013
Centro Gallego de Santa Fe de Arxentina	Realización de obras de reforma na súa sede social	14.000,00 €	22.8.2013

